

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000016 (relacionado co expediente 2023/A008/000016)

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2023)

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita para a selección por oposición de 1 enxeñeiro/a de montes, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 166/2023 de 27/04/2023, ao abeiro da subvención regulada Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia as relacións de candidatos/as, relativas á oferta núm. 12-2023-4508 (enxeñeiros/as de montes), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo, o 09/05/2023 publicouse a Resolución da Alcaldía núm.178 do 09/05/2023, correxido erro pola Resolución da Alcaldía núm. 184/2023 do 10/05/2023, na que resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para o posto de enxeñeiros/as de montes, do xeito seguinte:

a) Candidatos/as admitidos/as

DNI	APELIDOS E NOME
***360***	Creo Cernadas Mirian
***690***	Ruso Somoza Patricia

b) Candidatos/as excluídos/as

Non existen persoas candidatas excluídas

**Segundo.-** Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de enxeñeiro/a montes, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, técnico de xestión económica do Concello de Rois

Vogais:

Titular: María del Carmen Rodríguez Rey, directora de formación e emprego do Concello de Padrón.

Suplente: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria da administración local.

Titular: María Fernanda Montero Parapar, funcionaria da administración local con habilitación nacional.

Suplente: Leopoldo Moure Dopico, funcionario da administración local.

**Titular:** María Cristina Varela García, funcionaria da administración local con habilitación nacional.

**Suplente:** Severino Abalo Chouza, funcionario da administración local.

**Secretaria:**

**Titular:** Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

**Suplente:** Inmaculada Seage Freire, normalizadora lingüística do Concello de Rois

**Terceiro.-** Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 enxeñeiro/a de montes para a súa constitución, o día 25/05/2023, ás 08:45 horas, na Casa do Concello de Dodro.

**Cuarto.-** Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes, ás 09:00 horas do día 25/05/2023, na Casa do Concello de Dodro.

**Quinto.-** Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 4 para a selección de enxeñeiro/a de montes.

**Sexto.-** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

**Sétimo.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente*

*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

*A secretaria-interventora, que da fe*